

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36015159	IES Chan do Monte	Marín	2025/2026

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación secundaria obrigatoria	Formación e Orientación Persoal e Profesional	4º ESO	3	105

Tipo de oferta
Réxime xeral-ordinario

Contido	Páxina
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	3
3.1. Relación de unidades didácticas	4
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	5
4.1. Concrecións metodolóxicas	14
4.2. Materiais e recursos didácticos	16
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	16
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	17
6. Medidas de atención á diversidade	18
7.1. Concreción dos elementos transversais	19
7.2. Actividades complementarias	20
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	20
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	21
9. Outros apartados	23

1. Introducción

A presente programación didáctica, elaborada para a materia de Formación e Orientación Persoal e Profesional do 4º curso da educación secundaria obrigatoria, ten como referencia o currículo que establece Decreto 156/2022 do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia. No uso da autonomía que proporciona a dita normativa, a través desta programación didáctica adáptase o currículo da materia de Formación e Orientación Persoal e Profesional á realidade deste centro e a do seu alumnado no 4º curso.

O currículo da educación secundaria obrigatoria pretende garantir unha formación adecuada e integral, que se centre no desenvolvemento das competencias e que sexa equilibrada, porque incorpora na súa xusta medida compoñentes formativos asociados á comunicación, a formación artística, as humanidades, as ciencias, a tecnoloxía e a actividade física. Unha das finalidades da educación secundaria obrigatoria é lograr que as alumnas e os alumnos adquiran os elementos básicos da cultura, especialmente nos seus aspectos humanístico e artístico, científico-tecnolóxico e motor.

Para a elaboración das unidades didácticas que desenvolverá a programación tívose como referencia un currículo que ten como obxectivo o desenvolvemento das competencias transversais mediante a realización de proxectos significativos para o alumnado e a resolución colaborativa de problemas, reforzando a autoestima, a autonomía, a reflexión e a responsabilidade. Con esta materia preténdese que o alumnado se coñeza a si mesmo e sexa consciente da contorna sociocultural na que se atopa, de modo que facilite a súa aprendizaxe ao longo da vida e o seu desempeño académico e profesional.

Esta programación didáctica e o traballo na aula tentárase vertebrar arredor dun conxunto de situacións de aprendizaxe contextualizadas, significativas e relevantes para que, ao termo do curso, se consigan traballar de maneira proporcionada todos os contidos incluídos no currículo. Ao mesmo tempo, Esta programación didáctica adáptase aos grupos de alumnado nos distintos niveis desde diferentes enfoques para desenvolver o proceso de ensino e aprendizaxe que nesta programación didáctica se propón: dun lado, tendo en conta as necesidades educativas de cada alumna e de cada alumno así como a diversidade que presenten; doutro lado, en relación ao número de alumnado presente en cada grupo e as posibilidades en canto a espazos e recursos dos que dispón o departamento didáctico e o centro.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Comprender os procesos físicos e psicolóxicos implicados na cognición, a motivación e a aprendizaxe, xunto coas principais características do desenvolvemento evolutivo da persoa estudadas polas ciencias sociais, analizando as súas implicacións na conduta, considerando os factores persoais e socioculturais que interveñen na configuración psicolóxica da persoa, para obter un bo coñecemento axeitado de si mesmos que lles permita construír o seu proxecto persoal de vida.		3	1		1-3-4-5	1-2		

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX2 - Analizar e describir aqueles elementos da madurez que condicionan os comportamentos, identificando as calidades persoais e de relación social propias e dos demais, desenvolvendo estratexias de xestión emocional e do propio proceso de aprendizaxe, e estratexias e habilidades sociais adecuadas a contextos cambiantes e a grupos diferentes, para mellorar o desempeño no ámbito persoal, social e académico e lograr maior control sobre as accións e as súas consecuencias, e para potenciar, así, aquelas calidades persoais no alumnado que favorecen a autonomía e permiten afrontar de forma eficaz os novos retos aos que se van enfrontar na súa entrada á idade madura.		3			1-3-4-5	1	2	
OBX3 - Explorar as oportunidades académicas e profesionais que ofrece a contorna, descubriendo e priorizando as necesidades e intereses persoais e vocacionais e desenvolvendo o espírito de iniciativa e de superación, así como as destrezas necesarias na toma de decisións, para levar a cabo un proxecto persoal, académico e profesional propio e realizar unha primeira aproximación ao deseño dun plan de procura activa de emprego.	3			1-3	4-5		1-2-3	
OBX4 - Coñecer e comprender o ser humano, nas súas dimensións social e antropolóxica, e atender á variedade de sociedades e culturas, analizando con empatía a súa diversidade e complexidade desde diferentes perspectivas para comprenderse a un mesmo e interactuar cos demais desde o respecto á diversidade persoal, social e cultural, e fomentar o espírito crítico sobre aspectos que dirixen o funcionamento do ser humano nestes ámbitos.					3	1-2-3	2	1-2

Descrición:

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	O ser humano	O coñecemento, a neurociencia, a adolescencia, o consumo e as adicións.	11	12	X		
2	Antropoloxía e socioloxía	Antropoloxía e psicoloxía. A diversidade cultura. A sociedade. Os adolescentes ,as súas relacións e a transición á vida adulta.	11	12		X	

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
2	Antropoloxía e socioloxía	A igualdade de xénero. O poder de grupo.	11	12		X	
3	Aprendizaxe e técnicas de estudo	A aprendizaxe, intelixencias múltiples e metacognición. como mellorar nos estudos? diversas técnicas. A aprendizaxe formal e a informal	11	12			X
4	Xestión emocional	A intelixencia emocional. Coñecemento e autocontrol das emocións. A tristeza, a ansiedade e a depresión. A empatía emocional e as habilidades emocionales interpersonales	11	12		X	
5	Habilidades persoais	Autocoñecemento e autoconfianza. O pensamento crítico. A perseverancia. A xestión do tempo. A misión persoal	11	12		X	
6	Habilidades sociais	Empatía. Cooperación e traballo en equipo. Falar en público. Asertividade. A negociación e o liderazgo	11	12		X	
7	O entorno de traballo	Dereitos e deberes de traballador e empresario. O salario e a nómina. Mercado de traballo actual e tendencias	11	12			X
8	Proxecto persoal, académico-profesional e búsqueda de emprego	Programas e oportunidades de formación. Plan de autocoñecemento. Plan de busca de emprego. A marca persoal	23	21			X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	O ser humano	12

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.2 - Analizar os factores persoais e socioculturais que interveñen na configuración psicolóxica da persoa a partir do coñecemento comparado da dimensión social e antropolóxica do ser humano.	Analizar os factores persoais e socioculturais que interveñen na configuración psicolóxica da persoa. Características da adolescencia e as adicións	PE	50
CA1.6 - Analizar e comprender no desenvolvemento evolutivo das persoas as principais características da madurez que conforman a persoa nos distintos planos: físico, cognitivo, social, emocional e sexual.	Identificar no desenvolvemento evolutivo das persoas as principais características da madurez que conforman a persoa nos distintos planos: físico, cognitivo, social, emocional e sexual.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Reflexionar de maneira crítica sobre a condición humana, a sociedade e a cultura, a partir do coñecemento que proporcionan as ciencias humanas e sociais.	Reflexionar de maneira crítica sobre a condición humana, a sociedade e a cultura.	TI	50

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Os fundamentos psicobiolóxicos da conduta. - Neurociencia, xenética e endocrinoloxía. - A neurona, o impulso neuroeléctrico, a sinapse, as redes neurais. - O sistema nervioso central. As principais estruturas do encéfalo. O sistema límbico. - O sistema nervioso periférico. - A compoñente emocional do noso psiquismo. - Recoñecemento e control das emocións. - Benestar e hábitos saudables. - Os circuítos de recompensa e os problemas de adiccións relacionados.

UD	Título da UD	Duración
2	Antropoloxía e socioloxía	12

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.2 - Analizar os factores persoais e socioculturais que interveñen na configuración psicolóxica da persoa a partir do coñecemento comparado da dimensión social e antropolóxica do ser humano.	Describir os factores persoais e socioculturais das persoas dende a perspectiva sociolóxica e antropolóxica	PE	50
CA3.3 - Analizar e comprender no desenvolvemento evolutivo das persoas as principais características da madurez que conforman a persoa nos distintos planos: físico, cognitivo, social, emocional e sexual.	Describir a evolución das persoas desde unha perspectiva social e antropolóxica		
CA3.4 - Identificar calidades persoais e sociais propias e dos demais, reflexionando sobre a importancia de potenciar aquelas que permitan afrontar novos retos eficazmente e de modo progresivamente autónomo, e faciliten así o proceso de transición da adolescencia á vida adulta.	Describir a adolescencia, as súas relacións e as cualidades que deben estar presente cara a unha adecuada transición á vida adulta		
CA3.8 - Valorar a diversidade, desde o respecto, a inclusión e a igualdade real e efectiva entre mulleres e homes, considerándoa un elemento enriquecedor no ámbito persoal, social e cultural.	Valorar as distintas medidas de fomento da igualdade e a necesidade das mesmas		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.9 - Valorar a diversidade, desde o respecto, a inclusión e a igualdade real e efectiva entre mulleres e homes, considerándoa un elemento enriquecedor no ámbito persoal, social e cultural.	Valorar a diversidade e a igualdade. Amosar actitudes de respecto, favorecemento da inclusión e busca da igualdade	TI	50
CA3.7 - Analizar a diversidade persoal, social e cultural desde distintas perspectivas a partir do coñecemento que proporcionan as ciencias humanas e sociais, mostrando actitudes de respecto e empatía polo diferente, e valorando a equidade e a non discriminación.	Amosar empatía polo diferente e preocupación pola non discriminación		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - As ciencias sociais e o coñecemento que nos proporcionan do ser humano. A visión da psicoloxía, da antropoloxía e da socioloxía. - Presentación da psicoloxía. - Presentación da antropoloxía. - Presentación da socioloxía: a socioloxía como disciplina e a racionalidade da acción social. - As perspectivas das ciencias sociais sobre o debate entre o herdado e o aprendido. Bioloxía e cultura. - O desenvolvemento evolutivo do psiquismo. - O desenvolvemento das capacidades cognitivas ao longo da vida. - O desenvolvemento da personalidade. - A adolescencia como momento evolutivo clave no desenvolvemento do noso psiquismo. As características da mente adolescente. - Antropoloxía. O ser humano como ser cultural. - Concepto antropolóxico de cultura. O ser humano como construción cultural. - Humanización e cultura. - O papel da muller na humanización. - Diversidade cultural (etnocentrismo, relativismo cultural e transculturalidade). - Vida en sociedade. - Normas, roles, status e estereotipos: a cohesión social. - Estratexias de inclusión e cohesión social: interacción social e discriminación. - Igualdade de xénero. - Condutas prosociais e antisociais. - Adolescentes na sociedade. - O adolescente e as súas relacións cos demais: a convivencia positiva.

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - O grupo: importancia, valor e diversidade. - A autonomía e a asunción progresiva de responsabilidades. - O proceso de aprendizaxe e formación desde as ciencias sociais. - Aprendizaxe e procesos psicolóxicos involucrados: atención, motivación, memoria. - Estratexias de aprendizaxe e estilos de aprendizaxe. - A aprendizaxe desde a socioloxía: aprendizaxe formal institucionalizada, non formal e informal. - O proxecto persoal: o autoconhecimento. - A diversidade como elemento enriquecedor. - Roles grupais e comprensión dos roles nos que mellor encaixamos.

UD	Título da UD	Duración
3	Aprendizaxe e técnicas de estudo	12

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.4 - Identificar e aplicar os procesos que interveñen na aprendizaxe, analizando as súas implicacións e desenvolvendo estratexias que favorezan a adquisición de coñecementos, destrezas e actitudes.	Describir a aprendizaxe no ser humano e técnicas que fomenten a motivación, organización, concentración, comprensión ou memorización	PE	50
CA2.3 - Mellorar o desempeño persoal, social e académico aplicando estratexias de aprendizaxe e xestión emocional que permitan maior control sobre as accións e as súas consecuencias.	Amosa interese de cara a mellorar o seu rendemento académica e a súa xestión emocional.	TI	50

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - A compoñente emocional do noso psiquismo. - A motivación. - A formación cara á vida adulta: características persoais, habilidades sociais e de organización e xestión, traballo en equipo. - Habilidades de organización e xestión.

UD	Título da UD	Duración
4	Xestión emocional	12

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.3 - Analizar a relación da cognición, a motivación, a aprendizaxe e a xestión emocional coa conduta, tanto propia como dos demais, a partir das bases teóricas fundamentais dos procesos físicos e psicolóxicos que interveñen neles.	Describir a intelixencia emocional e comprender todas as emocións e a súa relación cos procesos físicos e psicolóxicos	PE	50
CA1.5 - Analizar a importancia do compoñente emocional, tomando conciencia da súa repercusión na aprendizaxe e desenvolvendo estratexias que o melloren.	Analizar a importancia do control das emocións e técnicas para controlalas.		
CA1.8 - Analizar a diversidade persoal, social e cultural desde distintas perspectivas a partir do coñecemento que proporcionan as ciencias humanas e sociais, mostrando actitudes de respecto e empatía polo diferente, e valorando a equidade e a non discriminación.	Describir a empatía emocional, as habilidades emocionais interpersoais e o autoconocemento das emocións e a súa importancia.		
CA3.5 - Mellorar o desempeño persoal, social e académico aplicando estratexias de aprendizaxe e xestión emocional que permitan maior control sobre as accións e as súas consecuencias.	Amosar e detectar en distintos casos prácticos conductas relacionados co control das emocións, a empatía e o respecto cara os demais	TI	50

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - A compoñente emocional do noso psiquismo. - A motivación. - Outros ámbitos do psiquismo: cognición, intelixencia, personalidade - A cognición e os procesos asociados. - Intelixencia cognitiva, intelixencia emocional, intelixencia executiva. - A constitución da personalidade: influencias biolóxicas e da contorna. As teorías dos trazos. - O proxecto persoal: o autoconocemento. - A intelixencia emocional. Autoconocemento, autocontrol, automotivación, empatía e habilidades sociais.

UD	Título da UD	Duración
5	Habilidades persoais	12

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1 - Analizar e comprender no desenvolvemento evolutivo das persoas as principais características da madurez que conforman a persoa nos distintos planos: físico, cognitivo, social, emocional e sexual.	Identificar cualidades persoais e sociais propias e dos demais	PE	50
CA2.2 - Identificar calidades persoais e sociais propias e dos demais reflexionando sobre a importancia de potenciar aquelas que permitan afrontar novos retos eficazmente e de modo progresivamente autónomo, e faciliten así o proceso de transición da adolescencia á vida adulta.	Identificar cualidades persoais e sociais propias e dos demais que faciliten a transición á vida adulta	TI	50
CA2.8 - Valorar a diversidade desde o respecto, a inclusión e a igualdade real e efectiva entre homes e mulleres, considerándoa un elemento enriquecedor no ámbito persoal, social e cultural.	Valorar a diversidade, respecto e igualdade.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - A formación cara á vida adulta: características persoais, habilidades sociais e de organización e xestión, traballo en equipo. - Autoconecemento, autonomía persoal e autopercepción. Estilo atribucional. Capacidade autocrítica. Iniciativa persoal. Pensamento creativo. Confianza, perseveranza e seguridade nun mesmo. Estratexias para enfrontarse ao fracaso e á frustración.

UD	Título da UD	Duración
6	Habilidades sociais	12

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.7 - Desenvolver estratexias e habilidades que faciliten a adaptación a novos grupos e contextos a partir do coñecemento social e antropolóxico do ser humano.	Identificar que habilidades levan a unha mellor adaptación aos grupos	PE	50
CA2.2 - Identificar calidades persoais e sociais propias e dos demais reflexionando sobre a importancia de potenciar aquelas que permitan afrontar novos retos eficazmente e de modo progresivamente autónomo, e faciliten así o proceso de transición da adolescencia á vida adulta.	Identificar cualidades persoais e sociais propias e dos demais		
CA2.7 - Analizar a diversidade persoal, social e cultural desde distintas perspectivas a partir do coñecemento que proporcionan as ciencias humanas e sociais, mostrando actitudes de respecto e empatía polo diferente, e valorando a equidade e a non discriminación.	Analizar a diversidade persoal, social e cultural. Valorar a empatía e o respecto e non discriminación para vivir en sociedade		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.4 - Desenvolver estratexias e habilidades que faciliten a adaptación a novos grupos e contextos a partir do coñecemento social e antropolóxico do ser humano.	Desenvolver habilidades, estratexias e identificar cualidades que faciliten á adaptación aos grupos	TI	50
CA3.6 - Desenvolver estratexias e habilidades que faciliten a adaptación a novos grupos e contextos a partir do coñecemento social e antropolóxico do ser humano.	Desenvolver habilidades, estratexias e identificar cualidades que faciliten á adaptación aos grupos		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - A psicoloxía social. - A necesidade individual de pertenza a grupos. - A influencia do grupo. - O desenvolvemento individual dentro do grupo. - Concepto de sociedade e o ser humano como ser social. - Comunicación, linguaxe e simbolismo. - Proceso de socialización e axentes de socialización: familia, grupos, institucións, asociacións e organizacións. - O ser humano como Homo oeconomicus. Teorías críticas. - Vida en sociedade. - A formación cara á vida adulta: características persoais, habilidades sociais e de organización e xestión, traballo en equipo. - Autoconhecimento, autonomía persoal e autopercepción. Estilo atribucional. Capacidade autocrítica. Iniciativa persoal. Pensamento creativo. Confianza, perseveranza e seguridade nun mesmo. Estratexias para enfrontarse ao fracaso e á frustración. - Habilidades sociais e habilidades de comunicación. Estratexias para superar as eivas de comunicación. - Ferramentas dixitais na interacción cos demais. Pegada e reputación dixital. Xestión de identidades dixitais: persoal e profesional. - Habilidades de organización e xestión. - Os equipos de traballo. O liderado como trazo da personalidade. O conflito: concepto, causas, tipos e resolución. A negociación. - O proxecto persoal: o autoconhecimento. - O proceso de toma de decisións. Organización dunha conduta decisoria.

UD	Título da UD	Duración
7	O entorno de traballo	12

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.2 - Explorar a contorna próxima identificando as oportunidades académicas e profesionais que ofrece, valorando aquelas que mellor se adaptan ás calidades e intereses persoais e potenciando o espírito de iniciativa e superación.	Coñece dereitos e deberes do traballador e do empresario. As características do seu contorno. O salario e a nómina. Características do mercado actual de traballo	PE	50
CA3.1 - Realizar un proxecto persoal, académico e profesional propio e aproximarse ao proceso de procura activa de emprego, priorizando as necesidades e descubriendo os intereses persoais e vocacionais mediante a exploración das oportunidades académicas e profesionais que ofrece a contorna presencial e virtual, e desenvolvendo as destrezas necesarias no proceso de toma de decisións.	Explora o mercado de traballo actual buscando alternativas de emprego. Interpreta unha nómina	TI	50

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Os distintos tipos de emprego. - Traballo por conta allea e traballo por conta propia. - Axudas e recursos para superar carencias e afrontar retos profesionais: axudas e subvencións á creación de empresas.

UD	Título da UD	Duración
8	Proxecto persoal, académico-profesional e búsqueda de emprego	21

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.5 - Realizar un proxecto persoal, académico e profesional propio e aproximarse ao proceso de procura activa de emprego, priorizando as necesidades e descubriendo os intereses persoais e vocacionais mediante a exploración das oportunidades académicas e profesionais que ofrece a contorna presencial e virtual, e desenvolvendo as destrezas necesarias no proceso de toma de decisións.	Analizar e explicar todos os recursos dispoñibles para levar a cabo un proxecto persoal, académico e profesional	PE	50
CA2.6 - Explorar a contorna próxima identificando as oportunidades académicas e profesionais que ofrece, valorando aquelas que mellor se adaptan ás calidades e intereses persoais e potenciando o espírito de iniciativa e superación.	Analizar o mercado de traballo e a súa contorna co fin de buscar emprego adaptado ás súas calidades		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.1 - Realizar un proxecto persoal, académico e profesional propio e aproximarse ao proceso de procura activa de emprego, priorizando as necesidades e descubriendo os intereses persoais e vocacionais mediante a exploración das oportunidades académicas e profesionais que ofrece a contorna presencial e virtual, e desenvolvendo as destrezas necesarias no proceso de toma de decisións.	Realizar un proxecto persoal, académico e profesional propio	TI	50
CA3.2 - Explorar a contorna próxima identificando as oportunidades académicas e profesionais que ofrece, valorando aquelas que mellor se adaptan ás calidades e intereses persoais e potenciando o espírito de iniciativa e superación.	Levar a cabo conclusións sobre o seu proxecto persoal tras analizar a contorno		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - A formación académica. - Programas, oportunidades e axudas para a formación. Servizos de orientación académica. - Información sobre a estrutura do sistema educativo. - Itinerarios académicos: información sobre as opcións para cursar no bacharelato, na FP e nos estudos superiores. - Itinerarios académico-profesionais: información sobre traxectorias académico-profesionais na lexislación vixente. - A formación profesional. - Servizos de orientación profesional. Orientación académico-profesional para a igualdade de oportunidades. - A transición á vida activa. - Valoración da importancia da formación permanente para a traxectoria laboral e profesional. - Información xeral sobre sectores económicos e produtivos. - Retos da revolución dixital. - O emprendedurismo: emprendemento e intraemprendemento. - Participación social activa. - Colaboración e voluntariado. - O proxecto persoal: o autocoñecemento. - Plans de autocoñecemento e de formación académica e profesional. - O coñecemento persoal: habilidades, aptitudes, motivacións e intereses persoais. - Análise de fortalezas e debilidades propias. - O proxecto persoal académico-profesional: as aspiracións profesionais.

Contidos

- Aspiracións e metas: definición do obxectivo que se quere conseguir.
- Identificación de intereses, capacidades, motivacións e aptitudes persoais para o proxecto profesional ao que aspiramos.
- Identificación dos itinerarios académicos e profesionais que se poden seguir.
- Axudas e recursos para superar carencias e afrontar retos persoais: probas obxectivas e test psicométricos.
- A toma de decisión na orientación académica e profesional.
- Avaliación das alternativas e da decisión tomada.
- Aproximación a un plan de busca activa de emprego con proxección cara ao futuro.
- Análise dos intereses, aptitudes e motivacións persoais para a carreira profesional.
- Identificación de itinerarios formativos relacionados.
- Definición e análise do sector profesional.
- Fontes de información.
- Estratexias, instrumentos e proceso da busca de emprego en empresas do sector.
- Fontes de procura de emprego. Información xeral para a busca activa de emprego e de alternativas.
- A oferta de traballo. Selección de ofertas e perfil da persoa candidata.
- Información sobre a elaboración e presentación da carta de presentación e do currículo persoal: tipos e contido.
- A entrevista de traballo.
- Os distintos tipos de emprego.
- Traballo por conta allea e traballo por conta propia.
- O traballo na Administración pública.
- Oportunidades de aprendizaxe e emprego en Europa.
- Axudas e recursos para superar carencias e afrontar retos profesionais: axudas e subvencións á creación de empresas.

4.1. Concrecións metodolóxicas

A intervención educativa na materia de Formación e Orientación Persoal e Profesional debe desenvolver, de xeito gradual e progresivo, as aprendizaxes que faciliten ao alumnado a consecución dos obxectivos da materia e da etapa, así como unha axeitada adquisición das competencias clave.

O enfoque metodolóxico require partir, polo tanto, do nivel competencial previo do alumnado para acadar unha aprendizaxe significativa, eficaz, funcional e aplicable á realidade máis próxima das e dos estudantes. Trátase, pois, de deseñar unha metodoloxía activa, baseada fundamentalmente na dimensión investigadora do alumnado e na toma de decisións responsables, asentadas nun pensamento crítico e reflexivo, a través da elaboración de actividades que precisen dun proceso de descubrimento e análise progresivamente autónomos, así como do razoamento e a resolución lóxica de problemas.

PRINCIPIOS METODOLÓXICOS

No proceso de ensino e aprendizaxe asegúranse distintos tipos de aprendizaxe:

- Aprendizaxe significativa: partindo dos coñecementos previos, as alumnas e os alumnos, aprenderán a aprender, adquirindo unha serie de coñecementos, habilidades e actitudes para poder establecer relacións entre a materia e a súa propia realidade.

- Aprendizaxe funcional: os novos contidos aplicaranse en diferentes contextos cando as e os estudantes así o precisen.

- Aprendizaxe cooperativa: traballar a materia en grupo, no laboratorio, no desenvolvemento de proxectos de investigación ou mediante debates favorecerá o interese pola mesma e axudará no perfeccionamento persoal e social do alumnado.

- Aprendizaxe mediante o emprego das TICs: coa utilización de Internet, de vídeos divulgativos, do encerado dixital, de aplicacións informáticas... que serán empregados como recursos de apoio.

A metodoloxía didáctica adaptase ás características de cada estudante, favorecendo a súa capacidade para aprender en por si e para traballar en equipo. Ademais fomentarase a capacidade de autonomía do alumnado e desenvolverase a súa capacidade de aprender a aprender.

TIPOS DE ACTIVIDADES E PROXECTO PERSOAL

Entre as distintas actividades que conformarán o portfolio do alumnado, atoparanse:

- Preparación de entrevistas laborais entre os distintos grupos de alumnado. Simulacro e representación da entrevista. Debate grupal e coavaliación.

- Elaboración dun DAFO e o deseño dun perfil persoal/profesional. Actividade relacionada co obradoiro impartido por profesionais do sector da orientación laboral no que traballarán con ferramentas para elaborar perfís profesionais, curriculum vitae...

- Preparación de entrevistas aos distintos relatores da actividade complementaria "Charla - coloquio de antigas/os alumnas/os". Actividade programada para interactuar con antigo alumnado do centro, na que contarán as súas experiencias formativas e profesionais.

DESENVOLVEMENTO DAS UNIDADES

O fío condutor que se seguirá á hora de desenvolver as distintas unidades didácticas será o seguinte:

- a) Introducción á unidade didáctica.
- b) Análise dos coñecementos previos do alumnado.
- c) Desenvolvemento da unidade a través de diferentes tarefas e actividades.
- d) Resumo e síntese dos contidos da unidade.

TIPOS DE AGRUPAMENTOS

As diversas formas de agrupamento que se utilizarán, divídense en tres tipos:

- Gran grupo.
- Equipos de traballo cooperativo.
- Traballo individual.

CONTRIBUCIÓN A PLANS E PROXECTOS

Preténdese realizar unha adecuada contribución ao Plan Lector do Centro, coa proposta de lectura voluntaria de distintos libros ou capítulos relacionados coa materia, así como coa lectura de artigos xornalísticos e textos do libro do estudante. Así mesmo, contribuírase ao Plan TIC coa utilización de diferentes recursos (proxección de vídeos, presentacións, avaliacións interactivas, kahoots...).

A materia tamén deberá contribuír a outros plans incluídos no proxecto educativo do centro como o Plan de actividades do Departamento de orientación, o Plan de acción tutorial, o Plan de atención á diversidade ou o Proxecto lingüístico de centro, tendo presente en todo momento a Programación xeral anual que se redactou a inicio de curso.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Dotación da aula (proxector, encerado dixital, tradicional, pupitres...)
Aula virtual do centro
Caderno da alumna ou o alumno
Portfolio
Materiais audiovisuais
Ordenador edixgal

A selección dos materiais e recursos didácticos que integran a programación didáctica da materia de Formación e Orientación Persoal e Profesional debe adaptarse ao modelo de intervención educativa proposto. Neste sentido, ha de dar resposta á adecuación ao contexto do centro, á correspondencia cos obxectivos trazados, á coherencia cos contidos e temas transversais estudados e o seu grao de adquisición e dificultade e aos criterios de avaliación definidos para cada curso. Ademais, debe abarcar unha grande variedade de actividades individuais e grupais que poñan en práctica os conceptos e procedementos estudados e aborden axeitadamente a atención á diversidade na aula. Finalmente, todos os recursos utilizados han de presentar unha claridade expositiva que favoreza a inmediata comprensión oral e escrita do alumnado.

O espazo habitual no que se desenvolverán as sesións será unha aula convenientemente equipada cun encerado dixital e outro tradicional, dispoñendo o alumnado de pupitres individuais o que facilitará os necesarios cambios na súa distribución para o traballo en parellas ou grupal.

No que se refire ás ferramentas que centrarán o traballo do alumnado na aula, o ordenador edixgal onde se presentarán os apuntamentos e actividades. Fotocopias entregadas polo profesor con apuntamentos e actividades. Carpeta do alumno/a

No portfolio o alumnado gardará e clasificará trimestralmente non só todos aqueles documentos impresos que se lle entreguen ao longo do curso senón tamén os xerados por eles mesmos. Entre os recursos impresos mencionados destacan as actividades de comprensión de lectura, os informes e as diferentes actividades propostas para o grupo e especificamente para cada estudante cando a persoa docente o considere necesario.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Durante os primeiros días do mes de setembro, preferiblemente antes do comezo da actividade lectiva, realizarase un rexistro de información relevante sobre o alumnado matriculado na materia en relación aos seguintes aspectos:

- Cualificacións do curso anterior.
- Materias pendentes ou, no seu caso, repetición de curso.
- Necesidades educativas especiais ou análogas.
- Outros aspectos de importancia que poidan afectar ao proceso de aprendizaxe.

Na primeira semana de clase, haberá unha proba escrita que servirá para recoller datos para esta avaliación inicial. A proba constará de dúas partes:

- comentario de texto: permitirá avaliar especificamente a capacidade de comprensión e expresión escrita;
- cuestionario tipo test: centrarse en coñecer o punto de partida no que se atopa o alumnado respecto de contidos curriculares da materia que se traballarán ao longo do curso.

A reunión de avaliación inicial co equipo docente e o Departamento de orientación, así como a información aportada pola persoa titora do grupo, axudará a completar a información recollida e poñela en común.

Unha vez analizada toda a información, adoptaranse decisións sobre os seguintes aspectos:

- Respecto ao currículo: deseñar adaptacións curriculares e reforzos nos casos necesarios.
- Respecto á forma de traballar na aula: organizar grupos, distribuír o material...
- Respecto a aspectos organizativos: distribuír as unidades didácticas, organización da avaliación...

En calquera caso, durante a primeira sesión de cada unidade didáctica o profesorado avaliará a situación de partida de todo o alumnado.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7
Peso UD/ Tipo Ins.	11	11	11	11	11	11	11
Proba escrita	50	50	50	50	50	50	50
Táboa de indicadores	50	50	50	50	50	50	50

Unidade didáctica	UD 8	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	23	100
Proba escrita	50	50
Táboa de indicadores	50	50

Criterios de cualificación:

A media de cada avaliación será o resultado de aplicar as seguintes porcentaxes aos instrumentos de avaliación como aparecen nesta programación, que resumidos son:

- 50% probas escritas (PE)
- 40% actividades feitas na clase e na casa (avaliadas con rúbricas, listaxes de control) (TI)
- 10% observación, preguntas orais e caderno (TI)

A nota media da avaliación só se redondeará á alza si a parte decimal supera as 0,75 décimas

A media na convocatoria ordinaria será a media aritmética das tres avaliacións

Entenderase superada a materia cando a cualificación da avaliación ordinaria sexa igual ou superior a 5.

En caso de non superar a materia na convocatoria ordinaria de xuño, deberá presentarse a unha proba escrita na proba extraordinaria de xuño

Consideracións específicas das probas escritas:

- En caso de que un alumno/a copie durante a realización dunha proba escrita, seralle retirada a proba e calificado cun 0. Na maior brevedade posible faráselle outra proba oral sobre os contidos desa proba.
- Se o/a alumno/a non asiste á realización dunha proba só poderá realizala noutro momento se a falta é xustificada con documento oficial

Consideracións específicas das actividades entregadas:

- Dada a importancia nestes niveis educativos de aprender a cumprir prazos e asumir responsabilidades non se admitirán tarefas entregadas fóra do prazo de entrega.
- En caso de que o alumno/a presente unha tarefa copiada (xa sexa dun compañeiro ou doutras fontes) será cualificada a actividade cun 0.
- Se o/a alumno/a non asiste á realización dunha actividade puntuable na aula só poderá entregala noutro momento se a falta é xustificada con documento oficial

Criterios de recuperación:

O alumnado que non supere algunha das avaliacións será convocado, ao inicio da seguinte, a unha proba escrita que versará sobre os contidos da avaliación non superada. No caso da terceira avaliación a recuperación realizarase ao final da mesma. Asemade, o alumnado coa avaliación suspensa poderá volver a entregar tarefas realizadas e non aprobadas

A media da avaliación ordinaria será a media aritmética das tres avaliacións aplicando o redondeo citado no apartado anterior

A recuperación de cada avaliación será unha proba de contidos mínimos polo que unha avaliación recuperada fará media coas outras avaliacións cunha nota de 5.

6. Medidas de atención á diversidade

Atendendo á Orde do 8 de setembro que desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia, adoptaranse as medidas de carácter ordinario e extraordinario que se consideren oportunas e axeitadas ao alumnado.

Con carácter xeral, para adecuarse aos diferentes ritmos de aprendizaxe e capacidades, contéplanse actividades de reforzo e ampliación con tempos flexibles e aprendizaxe cooperativa en grupos heteroxéneos. No caso de ser necesarias medidas extraordinarias de atención á diversidade unha vez esgotadas as de carácter ordinario, seguiranse as indicacións establecidas na normativa vixente, coa colaboración do departamento de orientación do centro.

As aulas reflicten a diversidade da sociedade na que vivimos. O recoñecemento da diversidade do alumnado constitúe un principio fundamental que debe rexer toda acción educativa. Unha das finalidades da educación é asegurar a igualdade de oportunidades de todas as alumnas e todos os alumnos expoñendo os medios para evitar o fracaso escolar e o risco de abandono do sistema educativo.

A atención á diversidade enténdese como o conxunto de actuacións educativas dirixidas a dar resposta ás diferentes capacidades, motivacións e intereses, ritmos e estilos de aprendizaxe e situacións persoais do alumnado. Estas medidas oriéntanse a acadar os obxectivos e as competencias establecidas para a etapa da educación secundaria obrigatoria e réxense polos principios de equidade, calidade e igualdade de oportunidades, non discriminación, integración, accesibilidade e cooperación da comunidade educativa.

As medidas de atención á diversidade deben atender ao principio de inclusión educativa. Isto supón recoñecer a lexitimidade das diferenzas de todas as persoas, asumíndoas como un valor que enriquece o contexto educativo. Este principio establece que todas e todos os estudantes, sexa cal sexa a súa condición persoal, dispoñan na súa contorna educativa das condicións necesarias de acceso a unha formación integral que lles outorgue experiencias de aprendizaxe significativas.

Neste sentido, faise preciso establecer medidas, metodoloxías e compoñentes que permitan ao profesorado abordar con garantías a diversidade das súas aulas. O plan de atención concretarase nos seguintes elementos:

- Combinación de metodoloxías e fíos condutores das unidades didácticas, vinculados ao desenvolvemento emocional do alumnado e a súa integración no grupo. Uso de métodos diferenciados que teñan en conta os diferentes ritmos de aprendizaxe do alumnado e favorezan a capacidade de aprender por si mesmo.

- Diversidade de agrupamentos e tarefas propostos, articulación de itinerarios diferenciados e combinación de linguaxes e soportes orientados a satisfacer as esixencias de aprendizaxe de cada alumna ou cada alumno e a permitir o seu desenvolvemento individual.

- Deseño de programas específicos de reforzo e ampliación destinados a mellorar as posibilidades de alcanzar os obxectivos da etapa.

- Realización de proxectos significativos para o alumnado. O deseño de tarefas e proxectos de traballo deben basearse en contextos auténticos e recoñecibles para resultar significativos e deben ter en conta as vivencias particulares do alumnado (como, por exemplo, os oficios locais, as materias primas e a toponimia). Alén diso, o traballo colaborativo en proxectos debe potenciar que cada adolescente teña os seus tempos e os seus espazos de protagonismo e o recoñecemento da súa valía persoal e da súa capacidade de contribuír a desenvolver a actividade, reforzando así a autoestima, a autonomía, a reflexión e a responsabilidade.

- O traballo cooperativo, coa proposta de tarefas nas que o alumnado debe regular a súa conduta, a súa expresión e a súa capacidade para relacionarse co resto de persoas. A través do diálogo e da interacción entre o alumnado, contribúirase a desenvolver a capacidade de participar activamente nun equipo, a reflexión sobre as propias ideas, o respecto crítico a outros puntos de vista, o recoñecemento dos propios valores e limitacións, a adaptación ás necesidades colectivas, a asunción de responsabilidades e o respecto ás normas acordadas.

- A resolución de problemas e conflitos en colaboración e a toma de decisións baseadas en xuízos morais, co fin de contribuír á adquisición das competencias necesarias para seguir os procesos de pensamento, utilizar o razoamento e analizar criticamente os problemas sociais e históricos.

- A gradación da aprendizaxe. O desenvolvemento das capacidades e dos contidos deberá facerse dun xeito gradual e progresivo, de maneira que se vaian adquirindo habilidades máis complexas que propicien a aprendizaxe individual e autónoma. A gradación entre cursos non se establece principalmente mediante a distribución diferenciada de contidos, senón en función da diferente complexidade dos textos, das habilidades de comprensión ou expresión requiridas, da metalinguaxe necesaria para a reflexión sobre os usos ou do grao de autonomía do alumnado.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.1 - A educación emocional	X							
ET.2 - A comprensión da lectura	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.3 - A expresión oral e escrita	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.4 - A competencia dixital	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.5 - A creatividade	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.6 - O emprendemento social e empresarial	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.7 - A educación en valores	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.8 - A educación para a saúde	X			X				
ET.9 - A educación afectivo-sexual	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.10 - A igualdade de xénero	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.11 - A educación para o consumo responsable	X	X	X	X	X	X	X	X

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.12 - A prevención e a resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social				X	X	X		
ET.13 - O respecto mutuo	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.14 - A cooperación entre iguais	X	X	X	X	X	X	X	X

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Charlas - coloquios	Participación de antigo alumnado do centro achegando as súas experiencias.			X
Visita a Ence	Visita á fábrica de Ence na que se traballarán contidos relacionados co mercado de traballo, o traballo en equipo, as habilidades persoais e sociais dos traballadores e empresarios...	X		
Charla sobre Educación Cívico Tributaria	Impartida por unha persoa da Axencia Tributaria para traballar conceptos como o pago de impostos nas nóminas, os fraudes á seguridade social e facenda...		X	

Observacións:

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
Adecuación á temporalización das unidades didácticas.
Metodoloxía empregada
Utilización dos distintos instrumentos de avaliación.
Utilización de distintas estratexias metodolóxicas en función das unidades didácticas.
Aplicáronse estratexias de aprendizaxe como a lectura comprensiva, a procura de información significativa, a planificación do traballo, o desenvolvemento de técnicas de síntese, análise e redacción...

Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
Participación activa de todo o alumnado.
Medidas de atención á diversidade
Adecuación do nivel de dificultade ás necesidades do alumnado.
Toma de medidas de atención á diversidade para atender ao alumnado con NEAE no deseño das actividades.
Eficacia dos programas de apoio, reforzo, recuperación, ampliación.
Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
Apoio e implicación por parte das familias no traballo do alumnado.
Realízase unha coordinación periódica co resto do profesorado do grupo.

Descrición:

O proceso de ensino esixe unha avaliación continua para ir axustando a programación. Esta avaliación debe permitir detectar necesidades e buscar o axuste, as correccións precisas e as medidas que se consideren oportunas en cada momento.

Propóñense uns aspectos da programación e do procedemento de ensino-aprendizaxe e uns indicadores, que a persoa docente pode avaliar, escollendo os instrumentos que considere máis axeitados (cuestionarios, listaxes de control ou rexistro de datos, entrevistas, observador externo... ou ben comparar a experiencia con outras compañeiras e compañeiros docentes). Nesta proposta poden suprimirse puntos e engadirse outros que a persoa docente considere.

A persoa docente realizará unha avaliación do proceso de ensino e da súa propia práctica docente, polo menos, unha vez ao mes. Deixarase constancia da dita avaliación así como das posibles modificacións ou propostas de mellora nas correspondentes actas mensuais de departamento

En todo caso, non se debe perder de vista que a avaliación da práctica docente debe favorecer a análise, a reflexión e o debate arredor da realidade educativa do centro sobre os seguintes aspectos:

- A xestión adecuada do tempo para a planificación do proceso de ensino-aprendizaxe na aula.
- A concreción do currículo, a súa adaptación ao contexto e a organización efectiva dos contidos, actividades e obxectivos propostos.
 - A avaliación dos resultados obtidos polo alumnado e a adopción das medidas de mellora adaptadas ás súas necesidades de aprendizaxe.
 - A inclusión e atención á diversidade como resposta educativa á totalidade do alumnado para promover a consecución do éxito escolar.
 - A construción dun clima de empatía, confianza e convivencia harmónica na aula.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

O seguimento da programación é indispensable para avaliar procedementos, as actividades levadas a cabo e os resultados alcanzados polo alumnado, e así facer as modificacións que se consideren oportunas para finalmente reflexionar acerca das posibles propostas de mellora. O coñecemento dos resultados obtidos neste proceso de seguimento e avaliación tamén establecerá un novo punto de partida de cara ao próximo curso e cara a unha nova intervención docente.

A programación didáctica da materia de Formación e Orientación Persoal e Profesional estará á disposición da comunidade educativa do centro e, ademais, a comezos de curso, proporcionarase ao alumnado un extracto da mesma cos seus puntos esenciais: obxectivos, criterios, instrumentos e procedementos de avaliación, materiais

didácticos e sistema de recuperación.

A programación didáctica será obxecto de seguimento e avaliación a través da aplicación Proens o que permitirá realizar os necesarios axustes no proceso de ensino e aprendizaxe para adaptarse ás necesidades educativas do alumnado de cara á consecución dos obxectivos establecidos. Todo isto, debidamente xustificado, figurará tamén nas actas das reunións de departamento e na memoria final da materia e axudará na proposta de programación didáctica que se concrete para o seguinte curso.

A avaliación da programación realizarase a través dos seguintes indicadores de logro:

- A programación didáctica elaborouse de maneira coordinada coa colaboración de todas as persoas integrantes do departamento.
- A programación didáctica específica e completa as decisións adoptadas na concreción curricular fixada no proxecto educativo de centro.
- Os criterios de avaliación establecidos valoran con efectividade a consecución dos obxectivos propostos.
- Os procedementos e os instrumentos de avaliación axústanse aos criterios de avaliación indicados.
- As actividades desenvoltas adáptanse á metodoloxía didáctica programada.
- A programación didáctica contempla e manexa con eficacia os recursos e os materiais necesarios para favorecer a adquisición dos contidos e os obxectivos.
- A programación didáctica organiza axeitadamente os espazos e os tempos destinados á realización das actividades previstas.
- A programación didáctica inclúe actividades de reforzo, ampliación e recuperación adecuados ao perfil, as características e as necesidades do alumnado.
- A programación didáctica é revisada ao longo do curso e inclúense nela as modificacións pactadas e realizadas.
- A programación didáctica adáptase ao contexto escolar do centro educativo.

Así mesmo, realizarase o seguimento de cada unidade didáctica a través da aplicación Proens, estipulando e modificando, de ser o caso, a data de inicio e final da explicación de cada unha delas, o número de sesións dedicadas ao seu desenvolvemento, especificando as previstas ao comezo e as realizadas finalmente, así como o grao de cumprimento dos obxectivos indicados.

Este procedemento terá en conta os seguintes puntos:

1. Analizarase regularmente a adecuación da programación didáctica a cada grupo, formulando propostas de mellora e realizando os axustes necesarios sempre que sexa preciso. Terase en conta, cando menos, informar sobre o seguinte:

- Unidades didácticas: datas de inicio e fin, número de sesións previstas e realizadas.
- Propostas xerais de mellora e outras observacións.

2. Analizaranse as dificultades atopadas no alumnado. Valorarase se os resultados son positivos (continuarase na mesma liña de traballo) ou negativos (realizaranse propostas de mellora).

3. Realizaranse propostas de mellora. Revisaranse as necesidades de atención educativa (apoio, reforzo, adaptación curricular etc.) tomando como referencia a información obtida de aplicar indicadores como:

- O ofrecemento ao alumnado, de forma individualizada, das explicacións que precise.
- A elaboración das actividades atendendo ás dificultades observadas.
- A proposta de probas de avaliación de distinta dificultade.
- O comentario co alumnado dos erros máis significativos dos traballos realizados.

4. Os instrumentos que se empreguen serán variados, entre os que poden estar:

- Folla de rexistro onde ir anotando os aspectos máis cuantificables.
- Diario de aula.
- Rúbrica de autoavaliación que facilite cuantificar o grao de consecución de aspectos concretos;
- Estatísticas de resultados.
- Cuestionarios e enquisas ao alumnado.

As propostas de mellora da programación didáctica derivarán da análise da efectividade da mesma e dos resultados académicos obtidos nas distintas avaliacións e examinados nas reunións de departamento celebradas ao longo do curso, cuxo contido quedará reflectido nas actas correspondentes. Ademais, na memoria final, contemplaranse as propostas de mellora, vinculadas especialmente á adaptación da metodoloxía, materiais e recursos empregados para

favorecer a consecución dos obxectivos establecidos.

9. Outros apartados